

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE A CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MÚSICA OPERÍSTICA EN 2025 COA REPRESENTACIÓN DA ÓPERA "CARMEN"

COMPARECEN

Por unha banda, José Carlos López Campos, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q-6550009-B, actuando no seu nome e representación en virtude do recollido na Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E doutra, Natalia Lamas Vázquez, na súa condición de presidenta da Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña, con NIF G-15037930, actuando no nome e representación da asociación, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude dos seus estatutos e da acta da xunta xeral extraordinaria do 1.9.2023.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Segundo. A Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña (a entidade) ten como fin, segundo establece o artigo 3 dos seus Estatutos, o cultivo e fomento da ópera e toda aquela actividade que poida conducir á expansión e coñecemento da mesma. E o seu artigo 4 establece que para o cumprimento dos seus fins poderán realizar representacións de ópera, concertos, conferencias, exposicións, proxeccións e todas aquelas actividades que poidan estar relacionadas cos fins da Asociación.

A Asociación foi a organizadora, durante case setenta anos, das sucesivas edicións do Festival da Ópera da Coruña, consolidado como un sólido programa especializado deste xénero artístico que a converteu



na decana das asociacións líricas en España e nunha das principais referencias musicais galegas de excelencia, unha actividade considerada única na nosa comunidade e unha das marcas culturais galegas de máis acreditado prestixio. E como fiel herdeiro das bases dese festival, a Asociación Amigos de la Ópera segue traballando coa intención de afianzar na nosa comunidade unha programación operística de carácter estable e do máximo nivel que achegue a Galicia os títulos máis representativos deste xénero artístico, cunhas propostas que atraen non só o público galego senón tamén do resto de España e mesmo a nivel internacional.

Terceiro. Amigos de la Ópera celebrou en 2022 o seu 70 aniversario, sete décadas dedicadas á difusión e promoción da ópera en Coruña e xa que logo en Galicia. O seu labor consolidouna como punto referencial da actividade musical a nivel nacional e internacional, facéndose merecente do recoñecemento da crítica especializada, de destacados artistas e do público. Durante este xa longo percorrido pasaron pola cidade da Coruña as voces máis importantes do noso tempo, dende artistas que forman parte xa da memoria como Alfredo Krauss ou Monserrat Caballé, pasando polas grandes voces da actualidade como Angela Meade, Gregory Kunde e Carlos Álvarez ou novas figuras da lírica do futuro que naceron no seu seo, como Celso Albelo, Borja Quiza ou Xabier Anduaga.

En 2023 Amigos de la Ópera presentou como un dos obxectivos principais unha empresa ambiciosa e necesaria para continuar co crecemento da programación lírica na cidade, a volta ao Palacio da Ópera da Coruña despois de varios anos de ausencia. E a programación elixida para a ocasión, a representación da ópera *Aída*, de Verdi, cumpriu os requisitos de popularidade, calidade indiscutible da obra e a vistosidade que a ocasión merecía, ao ofrecerlle ao espectador a oportunidade de disfrutar dun despregamento técnico e artístico como poucas óperas poden procurar no xénero. E en 2024, no centenario da morte de Puccini, Amigos da Ópera quixo dedicar a súa 72 temporada á memoria do compositor toscano programando unha obra mestra, *La Bohème*, cunha montaxe que honrou o seu legado e reavivou a súa relevancia no imaxinario cultural.

Agora, en 2025, a Asociación prepárase para inaugurar a súa 73 temporada cun novo acontecemento cultural de gran relevancia, a posta en escena de *Carmen*, de Georges Bizet, unha obra que neste ano conmemora os 150 anos da súa estrea e o falecemento do seu compositor. Pero levar *Carmen* á escena non é un simple acto conmemorativo. Considerada no seu momento unha ópera rompedora e rexeitada pola crítica pola crueza dos seus personaxes e a súa mirada cara ás marxes da sociedade, axiña se converteu nunha das óperas máis aclamadas polo público. A violencia contra as mulleres, a criminalización da liberdade feminina e o cuestionamento dos dereitos son temas de actualidade que fan que esta ópera estea máis vixente que nunca. Con *Carmen*, Amigos de la Ópera pretende transformar o teatro nun lugar de pensamento e reflexión á vez que se rende homenaxe a unha obra fundamental e se reafirma o papel da arte como vehículo de conciencia crítica.

Cuarto. Galicia conta cun tecido cultural vigoroso, que leva dando mostras dunha extraordinaria calidade, moi particularmente no ámbito musical, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer.

A Agadic considera esencial o apoio ao desenvolvemento deste proxecto, contribuíndo, desta maneira, a preservar e difundir a cultura galega, e en especial o xénero lírico, e intentando acadar, deste xeito, unha



maior eficacia na consecución dun dos obxectivos básicos do organismo, o de establecer unha programación cultural axeitada ás diferentes sensibilidades e gustos, o máis variada posible, da que poida gozar maioritariamente a poboación galega, e que enriquece, sen dúbida, o noso patrimonio musical.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento pola Agadic de actividades de difusión e promoción da música operística promovidas pola Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña en 2025 coa programación da ópera *Carmen*, de Bizet.

SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

A programación da Asociación Amigos de la Ópera eríxese como marca cultural única no eido operístico, sendo a principal referencia operística deste nivel na Comunidade Autónoma que atrae os principais títulos do xénero. O carácter específico da actuación, un intenso traballo para traer a Galicia unha das obras mestras de Georges Bizet, o labor da asociación durante os máis de setenta anos de existencia, que a consolidou como punto de referencia da actividade musical a nivel nacional e internacional, así como o feito de atoparse esta iniciativa dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifica a concesión desta subvención mediante a formalización deste convenio de colaboración.

Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, por ser esta entidade a única que desenvolve unha actividade deste tipo.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

CUARTA. ACTUACIÓNS DO PROGAMA

A entidade desenvolverá as seguintes actuacións obxecto da concesión da subvención ao abeiro deste convenio de colaboración:



– Ópera *Carmen*, de Georges Bizet, que se representará os días 5 e 7 de setembro de 2025 no Palacio da Ópera da Coruña, con Gianluca Martinenghi como director musical, Calixto Bieito como director de escena e coa mezzosoprano Sofija Petrovic interpretando a Carmen, que está acompañada polos tenores Brian Michael Moore e Eduardo Pomares, as sopranos María José Moreno e Susana García, os barítonos Pedro Martínez e Gabriel Alonso, a mezzosoprano Irene Zas e o baixo Jacobo Rubianes.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe máximo de 160.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 13A1 432B 781.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e logo da autorización correspondente do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 26.3 da Lei de subvencións e no artigo 40.3 do Regulamento, que indica que cando a subvención se conceda mediante convenio e o importe sexa superior a 150.000 euros, a aprobación do convenio requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, e segundo o disposto na disposición adicional 2ª da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo do 27 de marzo de 1991, do Consello da Xunta, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, por conter obrigas de gasto por importe superior a 150.000 euros.

O orzamento total das actividades obxecto de subvención é de 490.110,00 euros (IVE incluído). A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

QUINTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Poderanse realizar pagamentos anticipados por importe máximo de ata o 80 % da cantidade subvencionada, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, logo da autorización do Consello da Xunta, de conformidade co disposto no artigo 63.3 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 63.2 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en aplicación da excepción prevista no artigo 67.4 do mesmo Decreto.

No caso de que a entidade solicite pagamentos anticipados, deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.



SEXTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluírase en toda a documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, todos os materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co seu manual de identidade corporativa.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.



OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Consideráanse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2025 e a data límite de xustificación.

GASTOS SUBVENCIONABLES	Importe sen IVE	Importe con IVE
Actuación Ópera Carmen		
1. Servizos	281.031,00	320.930,00
1.1. Actuacións artísticas	72.363,64	79.600,00
1.2. Coro Gaos	10.000,00	10.000,00
1.3. Coro infantil Cantabilé	6.000,00	6.000,00
1.4. Dirección artística	24.132,23	29.200,00
1.5. Dirección de escena	10.000,00	11.000,00
1.6. Dereitos de escenografía	5.000,00	5.000,00
1.7. Dereitos de dirección de escena	15.000,00	15.000,00
1.8. Deseño de iluminación e montaxe	9.900,00	10.890,00
1.9. Responsable de vestiario	8.800,00	9.680,00
1.10. Xefatura de produción	10.743,80	13.000,00
1.11. Persoal técnico	35.742,98	43.249,00
1.12. Xefatura de luces	3.543,80	4.288,00
1.13. Oficial de luces	3.037,19	3.675,00
1.14. Mestre repetidor	2.000,00	2.200,00
1.15. Rexedor	3.500,00	4.235,00
1.16. Xefatura de utilería	3.037,19	3.675,00
1.17. Transporte de escenografía	11.409,92	13.806,00
1.18. Responsable de comunicación	9.090,91	11.000,00
1.19. Conferenciante	300,00	300,00
1.20. Medios audiovisuais (vídeos e fotografía)	7.148,76	8.650,00
1.21. Publicidade	3.719,01	4.500,00
1.22. Realización dos programas de man	1.900,83	2.300,00
1.23. Subtitulación e tradución	1.041,32	1.260,00
1.24. Viaxes e aloxamentos	22.125,62	26.772,00
1.25. Traslados artistas	743,80	900,00
1.26. Seguros	750,00	750,00
2. Subministracións	39.404,96	47.680,00
2.1. Elementos de escenografía	20.000,00	24.200,00
2.2. Equipos de iluminación, material eléctrico	19.239,67	23.280,00
2.3. Atencións protocolarias	165,29	200,00
3. Outros	100.673,55	121.500,00
3.1. Alugueiro Palacio da Ópera para as representacións	99.173,55	120.000,00
3.2. Alugueiro Fogar Santa Margarida para ensaios	1.500,00	1.500,00
TOTAL	421.109,51	490.110,00

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o 31 de outubro de 2025. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, entenderanse xustificadas co feito da súa retención, sen prexuízo de que unha vez



ingresados os importes, a entidade deba xustificalo coa entrega dos xustificantes correspondentes, que debe facerse con data límite do 15 de febreiro de 2026.

4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE ou modalidade de pro rata.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓN DE PAGAMENTO

A entidade beneficiaria deberá xustificar o custo total da actividade.

1. O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

a) Ata o 80 % do importe total do convenio poderase aboar en concepto de pagamento anticipado logo da formalización do convenio. Os anticipos serán realizados de forma gradual, cando a entidade beneficiaria xustifique a necesidade de afrontar pagos inmediatos aos provedores e polas contías correspondentes, co límite máximo do 80 % da cantidade subvencionada.

A entidade deberá presentar a seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
2. A declaración responsable de non incorrer nalgunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
3. Solicitud de anticipo, xunto coa memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

O anticipo deberá concederse mediante resolución motivada.

b) O importe restante, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia, segundo o seu manual de identidade corporativa.
2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - Unha relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Esta relación debe presentarse clasificada segundo as partidas e subpartidas reflectidas na cláusula relativa aos gastos subvencionables deste convenio.
 - Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os documentos de gasto e de pagamento deben presentarse clasificados e ordenados segundo a relación clasificada de gastos presentada. Considerarase efectivamente pagado o gasto



cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, polo que todas as facturas ou documentos de gasto se deberán presentar xunto co correspondente documento bancario xustificativo no que veña claramente identificado o destinatario do pagamento.

- No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, acreditación da súa titularidade. A tarxeta debe estar asociada á conta da entidade beneficiaria. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade.
- Para os gastos de desprazamento, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento (a entidade) e o destinatario, asinado por ambas as partes. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais no seu caso, e outros gastos asociados á viaxe de ser o caso (peaxe, aparcamento, combustible) e deberá acompañarse cos documentos acreditativos que se relacionen na axuda de custo. En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,26 euros. Deben acompañarse, como o resto dos gastos, das certificacións bancarias dos pagamentos.
- Para os gastos de aloxamento, restauración e mantenza, como no resto dos gastos, só se admitirán aqueles gastos que figuren pagados pola entidade beneficiaria, polo que non se admitirán gastos que non fosen aboados directamente pola entidade aos distintos provedores dos servizos.

Exclusivamente para os gastos de restauración e mantenza, en casos excepcionais en que se xustifique por parte da entidade beneficiaria a imposibilidade de obter a correspondente factura ordinaria, poderase admitir a xustificación do gasto mediante a achega de factura simplificada, que en ningún caso se pode aboar en metálico e na que deben figurar aqueles datos necesarios que vinculen como pagadora a entidade beneficiaria, así como o tipo de IVE aplicado, ademais dos datos fiscais do emisor, identificación do produto ou servizo prestado, importe total, número de serie e data. A xustificación destes gastos con facturas simplificadas debe restrinxirse unicamente a aqueles casos excepcionais en que se xustifique debidamente que non se puido obter a factura ordinaria correspondente.

Na memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados que a entidade debe entregar como parte da documentación xustificativa, debe fundamentarse a necesidade destes gastos relativos a aloxamentos, restauración e mantenza e especificar as persoas que os xeraron e a súa relación coa actividade conveniada.

- En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]).
- En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.
- Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades e na que se indiquen, ademais, as desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente.

3. Unha declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa



procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada. De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2008, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

4. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria. A este respecto, para aqueles casos en que a contía supere os límites legalmente establecidos para o contrato menor, a entidade deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

5. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a citada documentación.

6. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiaria das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

7. No seu caso, certificación de encontrarse acollida ao réxime de exención (ou rateo) e do IVE e declaración sobre a súa vixencia.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á entidade.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.



2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o 31 de outubro de 2025.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.
2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:
 - A persoa titular da presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que o substitúa.
 - A persoa titular da dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.



3. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario ou funcionaria da Agadic.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Agadic- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO CUARTA. PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN, REINTEGRO E SANCIÓN

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento do importe do convenio no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no clausulado deste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida no seguintes casos:

- a) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento do obxecto do convenio e a execución do proxecto.
- b) Non comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.



c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, nin achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Non acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención o incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión da axuda. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver o seu alcance (e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro) cos seguintes criterios:

- No caso de condicións referentes á contía subvencionable, o alcance do cumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.

- No caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención (coa inclusión en toda a documentación e soportes de difusión das actividades, impresos e en liña, do logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co seu manual de identidade corporativa), reducirase un 2 % o importe da subvención, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.

5. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.

c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.



DÉCIMO SEXTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

DÉCIMO SÉTIMA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMO NOVENA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o



interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**POLA AXENCIA GALEGA DAS
INDUSTRIAS CULTURAI**

José Carlos López Campos
Presidente do Consello Reitor da Agadic

**POLA ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA
DE A CORUÑA**

Natalia Lamas Vázquez
Presidenta

